

## UNHA ESTRATÉXIA MOI ARRISCADA

Manuel Herminio Iglesias

Cando esto escribo, posiblemente xa foi ratificada polo Consello Nacional da organización nacionalista a decisión de concurrir ás eleccións europeas da man de grupos independentistas que, baixo o meu punto de vista, nada teñen que ver coa organización política galega. Ben sei que os que decidiron esta cuestión afirman que, samente o fan por razóns estratéxicas. Ou sexa, diante a situación actual de non ter ningunha representación, alomenos, pasar a tela compartida por un ano con outras agrupacións do resto do Estado. Esta que parece unha decisión pensada pode ser moi perxudicial, pois pode ter unha contestación negativa por parte dos electores. E si os resultados en Galiza non son os que se agardan o beneficio acadado pode voltar a colgarlle ao BNG un “*san benito*” que costou moito tempo quitar de enriba. E digo isto pois, unha cousa é a militancia que podería entender e tolerar esta decisión, e a outra a masa de votantes coa que habitualmente se conta, pois en política, moitas veces, a esperada suma de varias cantidades resulta perxudicial e resta. E si as contas non saen, o fracaso da operación saltará á vista e terá grandes custos para este BNG en franco retroceso, e que non sabe buscarlle solucións á endogamia e ao autismo que padece.

A esta decisión véxolle moitos riscos que neste momento de interinidade habería que evitar, pois non se debe esquecer que no medio dun proceso asambleario non parece o momento máis acaído para dar un xiro á política de alianzas que se viña tendo con Galeuscat. Presinto que con esta decisión estánselle dando argumentos poderosos ás demais forzas políticas que compiten nestas eleccións cos nacionalistas galegos. E xa veremos como afloran os adxectivos que tildaron no pasado ao BNG de grupo político independentista, sectario e outros. Percíbese con esta medida un distanciamento das posturas moderadas que, de confirmarse despois da assemblea de maio, poden escorar ao nacionalismo galego cara o camiño da marxinalidade política, e quen sabe si a unha crise sen retorno que soio se superará nos vindeiros anos coa refundación ou nacemento doutra forza política máis apegada a realidade do país.

En fin, sabedor de que, de non ir con Galeuscat, mellor sería camiñar soios, pois un deputado compartido pouco vai a aportar á política galega, e pode evitar adxectivos que nos seran moi perxudiciais no futuro, espero que a Asamblea de maio vire o rumbo dunha nave política que parece que camiña un tanto erratica na travesía de oposición que acaba de empezar.

Con todo, e por aquilo da duda, as decisións basadas en estratéxias sempre serán arriscadas e os resultados serán o baremo para sopesar si o coste e menor co beneficio que aportaron. Espero que os dirixentes da formación frentista lembren que ao BNG

costoulle moito tempo borrar a rémora, que xa era unha letanía, que se repetía nos procesos electorais e que nos recordaba os chalaneos que noutro tempo houbo cos independentistas.

Remato traendo a colación afirmacións que fixeron líderes do BNG referíndose ao nacionalismo galego. Cada situación política nun determinado lugar obedece a un tempo social. E o nacionalismo galego ten os seu tempo e o seu ritmo, polo que mesturalo ou comparalo co nivel de concienciación que existe noutras partes do Estado e cos problemas doutras comunidades é un gran erro. Nada máis.